

GALICIA EN LIQUIDACIÓN: FERIDAS NO MAPA ANTROPOLÓXICO¹

RESUMO:

"En tan só 40 anos Galicia executou unha dobre pirueta mortal: por unha parte mudou radicalmente a súa base económica e cultural, abandonándose desmaiada nos brazos da modernidade; pola outra, incorporouse á aceleración tecnolóxica global e aos profundos cambios sociais da era do consumo. A combinación de ambos tremores provocou severas disfuncións de toda orde, sexa na esfera psicosocial (neurose e desvertebración) ou sexa na escala das políticas públicas (mimetismos improvisados e depredacións de curto prazo). Estamos pois inmersos nun período histórico de **liquidación**, na acepción máis ampla da palabra."

A presente exposición non alberga ningún afán de exhaustividade. Nin sequera vai abordar a temática territorial entendida dun modo convencional, como un fenómeno xeográfico ou de sustentabilidade nos usos do solo. Pola contra, o que aquí vou relatar son as fendas psíquicas e sociais provocadas polo vertixinoso cambio cultural que padeceu o país en apenas catro décadas. Un cambio que experimentei eu en primeira persoa, no meu seo familiar e no meu contorno social, e que desembocou nun violento choque de mentalidades, nunha articulación conflictiva entre as cosmovisións da cultura tradicional e as da era postmoderna. Polo tanto, se algún valor ten este texto é o de dar fe dun proceso vivido e quizás o de aportar algúns elementos de análise que permitan abrir hipóteses explicativas.

1. **Eu de pequeno.** De pequeno eu vivía na Coruña. Ou mellor dito, sobrevivía na cidade, sometido a unha especie de estado de excepción, coma un intruso agochado nas marxes dun territorio estraño. Fun o último de tres irmáns e o primeiro en nacer na urbe. Pertenzo logo á primeira xeración urbana dunha familia de inmigrantes.

Para os meus pais a cidade era unha fonte de ameazas potenciais, un espacio que non dominaban e fronte ao cal despregaron toda clase de reservas defensivas. A súa íntima inseguridade derivou nun cadro de ansiedade que se manifestaba na sobreprotección e enclaustramento dos seus vástagos. Así, a nosa actividade cotiá limitábase a unha serie de monotonías de traballo e estudo, inscritas nunha tonalidade perfectamente gris. Todo estaba guiado por un plan preconcebido: o de evitar fugas que malograsen o noso ascenso social.

¹ Charla impartida no seminario “**As feridas do territorio. Xornada de Filosofía e Paisaxe**”, organizado polo Ateneo de Pontevedra, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Día 27 de xaneiro de 2007, Centro Social CAIXANOVA.

O conto cambiaba cando marchabamos á aldea. Lembro con viveza aquelas viaxes no Renault 6, cada fin de semana e ao comezo do verán. Cando pasabamos por Betanzos eu aínda sentía a opresión da Coruña, a súa presenza asfixiante. Esperaba inquedo o momento de chegar a Curtis para atoparme plenamente no meu hábitat querido. Curtis era unha caste de fronteira simbólica que separaba a área de influencia urbana da **reserva apache** á que eu pertencía. A sensación era de outredade, de corte abismal entre senllos universos culturais. Ao vislumbrar Ferreiroa, tras dúas horas e media de camiño, experimentaba un gozo infantil de liberación. Por entón, e estou a falar de mediados dos 70', a miña aldea conservaba boa parte dos riscos humanos, das formas de organización social e dos aproveitamentos do chan propios das sociedades agrarias de autosubsistencia, ou se mo permiten, do feudalismo tardío. Por tanto, a viaxe desde a Coruña non era só un desprazamento xeográfico, senón tamén cronolóxico, unha auténtica viaxe no tempo.

De Ferreiroa lembro a densa toponimia dos lugares, as corredeiras e os centos de recunchos singulares, lembro os caracteres da xente, os humores e imaxinarios, as feiras e festas, os amigos e primos cos que compartía xogos ou labores do campo tales como sachar a horta, apañar as patacas, segar a herba, ir ás mallas, muxir as vacas, pescar troitas, espantar os tabaos, etc.. A xente sabía facer de todo: eran á vez canteiros, carpinteiros, forxadores, gandeiros, labregos, eran renacentistas da man e da palabra. A intelixencia sofisticada dos paisanos supuraba en cada comentario, fora este humorístico ou malicioso.

Pola aldea eu circulaba con absoluta liberdade e destreza. Dalgún xeito fora adoptado pola comunidade: cando non comía na casa dun veciño, durmía na dun primo. Xa de maior, con 14 ou 15 anos, comecei a ir ás mozas, vivindo así os meus primeiros rautos románticos. Folga dicir que esta semblanza está filtrada polas idealizacións propias da miña circunstancia: a dun visitante privilexiado². Pero dalgún modo dá conta dunha unidade cultural que co paso do tempo se foi diluíndo ante os meus ollos.

2. **Cambios na aldea.** O transcorrer do tempo trouxo consigo a luz eléctrica, e a continuación o primeiro tractor, o primeiro coche, a primeira tele, os sulfatos e os fertilizantes, as granxas con “ordeñadoras” e as pagas dos vellos. A modernidade entrou en tromba na miña particular arcadia, e con ela a extensión do uso da

² A este respecto compre destacar a profunda estratificación económica da aldea, en aberta disonancia co preconceito urbanita dunha sociedade arcaica de labregos iguais, por non falar dos dispositivos de control comunitario e de estigmatización do diferente.

moeda e a especialización productiva. Ese proceso de conversión cara lóxicas mercantís coincide cunha maior taxa de escolarización e co incremento das expectativas da mocidade local, quen emigra masivamente. Ao fin e ao cabo, a terra de Ferreiroa sempre foi areosa, un pedregal pouco agradecido. Ducias de xeracións empregaran os seus maiores esforzos en converter aquel chan inclemente nun algo fecundo. Por outra parte, as directrices agrarias da Unión Europea, e a súa asimilación acrítica por parte dos tecnócratas nativos, recomendaban desfacer todo o entramado minifundista para incorporar ratios maiores de hectáreas por explotación.

Por aquela altura centos de romarías estivais perden concorrència e a mocidade local comeza a visitar as discotecas de Lalín ou Melide: a música das bandas e das orquestras é paulatinamente substituída polos vinilos de Modern Talking ou Tino Casal. En paralelo, nacen novas fórmulas lúdico-gastronómicas orientadas á xente maior e deseñadas en chave populista polo partido gobernante. Ambos fenómenos posúen un denominador común: a centralización política ou mercantil do ocio. As condicións “naturais” do mercado dictaban sentenza contra da extrema diseminación dos asentamentos locais.

Mentres tanto, e xa no que respecta ao territorio físico, a febre da concentración parcelaria chega aos meus dominios. Primeiro foron as infraestructuras: asfaltan a pista de terra que viña de Agolada, instalan puntos de luz, tiran a ponte de pedra do século XII e fan outra de formigón cun terraplén que impide ás vacas baixar a beber, cimentan o chan da aldea, éncheno todo de cableado eléctrico. Logo proceden a unha concentración que supón en primeiro lugar o exterminio físico da rede de camiños tradicionais, e ao tempo unha simplificación dos usos do chan en tres ou catro grandes categorías que reducen a rica complexidade do herdado. Todo isto, lembremos, coincidindo coa práctica desaparición de brazos novos capaces de traballar unha terra en proceso de mecanización. O coste da concentración parcelaria é de 500 millóns dos de hai 15 anos: un enorme dispendio sen estudio de viabilidade minimamente serio³. Fíxose porque tocaba facela. Como as explotacións apenas son rendíbeis nin queda xente que as traballe, o único negocio que agroma é o dunhas canteiras de pedra ou unha granxa de becerros fortemente subvencionada. Resultado: apenas queda nada. Por non quedar, non queda nin sequera o encanto dun contorno natural mimoso e abundante en significados. O que si hai son pistas rectilíneas e borrallentas, pistas coas cunetas repletas de escombros da obra, pistas agretadas e inservibles por

³ Nun cálculo a tanto alzado, e a prezos de mercado da época, a miña aldea, incluíndo bens inmobles e propiedades rústicas, con toda probabilidade non acadaría ese valor de venda.

unha deficiente canalización das augas. En definitiva, o etnicio consumouse transformando unha aldea nun polígono agroindustrial desolado. Algún monocultivo forestal é todo o que resta, e para iso de forma residual, como esperanza dun complemento económico familiar. Hoxendía, Ferreiroa é para min pouco máis que un monumento kitsch á barbarie modernizadora.

3. **A grande transformación** (por citar a Karl Polanyi) entre o agro tradicional e as industrias do campo aconteceu sen que mediasen políticas endóxeas de transición, políticas que combinasen a posta en valor das prácticas máis válidas da cultura tradicional con innovacións procedentes do acervo da modernidade. Esas políticas, de facerse, terían precisado de análises profundas e integrais da evolución do agro, desde as cales se puidese inferir algo así como un proxecto de país. Non houbo nada diso. O que si houbo foi unha medranza do sector público que repartía investimentos e pensións con carácter discrecional, non desde criterios obxectivos senón como concesión de favores que obrigaban a cada un dos beneficiarios, nunha relación persoal de un a un, de político a votante. Un exercicio clientelar que asentaba as súas raíces en toda unha cultura política de índole transcendental. Explícome. Pedíaselle un favor a un concelleiro igual que se lle puña unha vela a un santo: como unha forma de reciprocidade enganosa. *Reciprocidade* porque había un quid pro quo (eu dou, ti das), *enganosa* porque o intercambio era asimétrico, porque o responsable político non era o dono dos fondos públicos, e porque naturalizaba un status quo piramidal, de redes políticas verticais, en detrimento das relacións horizontais entre veciños. A consolidación deste modelo taponou calquera intento de implantación dunha cultura democrática no ámbito local.

No medio dese páramo non podían agromar iniciativas de reforma ben planificadas e sustentadas no interese xeral. Ese deserto foi pola contra un verxel de corruptelas, autoritarismos e depredacións de curto prazo, fillas dunha visión patrimonial das institucións, ou no mellor dos casos terreo abonado para mimetismos absurdos. Como non tiñamos proxecto sempre podíamos copiar cousiñas soltas, descontextualizadas.

4. **De volta na cidade**. Para moitos dos que emigraron do campo á cidade, o contraste entre a comunidade agraria e as sociedades mercantís resultou relativamente traumático, ou canto menos indixesto. Digo “relativamente” porque os barrios de nova creación acollían familias de extracción sociocultural semellante, o que sen dúbida axudou a amortiguar o golpe. Sen embargo os

hábitos de vida modernos, efecto da mundialización económica, supuxeron unha pequena revolución no seo dos fogares. Por citar uns cantos: 1) pasouse da familia extensa á nuclear⁴, 2) do aforro previsor da casa ao consumo individualista, 3) dos tempos estacionais e cíclicos ao horario laboral, 4) dun coñecemento integrado ás cualificacións especializadas, 5) da propiedade da terra á venda da forza de traballo, 6) dos ritos de emparellamento á liberalización dos costumes, 7) do prestixio da retranca á distinción das finuras castelanizantes, 8) das obrigas comunitarias e as relacións interxeracionais ao anonimato e os vínculos esporádicos, e todo isto 9) inmerso nunha atmosfera cargada de debates ideolóxicos.

Os fillos deses inmigrantes, primeira xeración urbana, socializáronse nun contorno e nunhas prioridades vitais que cuestionaban todas as pautas herdadas dos seus maiores. As fillas xa non eran garantía de coidados aos anciáns cando chegara o momento de non se valer. As estratexias dos vellos, con promesas ou chantaxes sobre a herdanza xa non funcionaban porque o valor dos terreos rústicos era insignificante. Se para os pais o tránsito á cidade supuxo un esforzo de adaptación notable, os fillos completaron ese camiño normalmente por oposición aos prexuízos dos titores. Foi unha dura pugna, un pulso sostido no interior de cada vivenda. Durante séculos, xeracións e xeracións fóranse sucedendo con leves e asumibles cambios: nesta ocasión tocaba facer un tránsito de tal envergadura como para comprimir en 30 anos a evolución que noutros países europeos levará 150. A incompreensión mutua entre pais e fillos converteu a convivencia en moitos fogares nunha olla a presión.

Nese contexto, expandiuse o uso de ansiolíticos e o abuso do alcol entre a cidadanía hoxe maior de 40 anos. A taxa de doenzas mentais severas chegou a 25% no continxente de mulleres de orixe rural. A porcentaxe de suicidios pasou de ser en Galicia das máis baixas de España nos anos 60' a multiplicar por 3 ou 4 a media estatal. Se os maiores assistiron impotentes aos cambios sociolóxicos personalizados nos seus fillos e ao derrubamento das súas conviccións íntimas, no caso dos mozos tratouse de crear ex novo orientacións e pautas de vida onde as dos vellos xa non servían. Eu, por exemplo, sinto por meu irmán maior unha enorme admiración na medida en que foi el o buque “rompehielos” que abriu camiño e soportou o peso do tránsito entre ambos universos culturais. E iso é un esforzo mental titánico, unha odisea contra os elementos.

⁴ Dependendo da zona de Galicia de procedencia.

5. **A estrutura social na urbe.** O proceso de urbanización en Galicia é un fenómeno recente, o que xa implica un certo verdor ou inmadurez na cohesión social dos últimos en chegar. Simplemente non deu tempo a que enraizaran.

O caso das clases pudentes é ben distinto. Sábese que na complexa composición das elites locais, a proporción de empresariado autóctono foi moi escasa en comparación coas clases rendistas. Os rendistas eran sedentarios, depredadores de recursos alleos vía arrendamentos, o que condicionaba o seu apego secular á terra. Pola contra, noutros territorios as clases dominantes foran capitalistas, e por tanto arriscaran e desprazáranse na procura do lucro. Iso explicaría desde a aspiración funcional de boa parte da nosa poboación, por efecto imitación, ate a tupida rede social que conforman as clases altas do país. En Galicia as boas familias coñécense desde hai xeracións, os apelidos son reveladores de toda unha intrahistoria, significan e imprimen carácter.

En contraste, as redes sociais das clases populares son aínda febles, máis vinculadas ao parentesco de procedencia que á construción social da urbe. En Galicia, alén de enclaves puntuais, apenas houbo un proceso de industrialización que estimulase a implantación de sindicatos ou de espazos de encontro para os recen chegados, e que servisen por vez para fomentar novos vínculos de proximidade e de acción colectiva. A da aldea era unha vella cultura, fundamentalmente asentada e con mecanismos propios para a resolución de conflitos ou para organizar as entreaxudas. Pola contra, nas cidades predominou unha certa forma de anomia e desvertebración social, o que redundou nunha sensación de soidade e de impotencia para abordar colectivamente calquera problemática social. A densidade relacional e os hábitos de acción colectiva son os alicerces para a formación dunha auténtica sociedade civil, para estimular o pulso democrático da cidadanía. A ausencia desas premisas sociolóxicas preséntanos un panorama despolitizado, de pasividade cívica da poboación. O loable intento de tecer redes sociais nos barrios, por parte das primeiras Asociacións de Veciños, foi derrotado por uns partidos políticos que ou ben as instrumentalizaron ou ben lles presentaron aberta batalla en termos de competición pola lexitimidade democrática. En consecuencia e agora, Galicia presenta unhas taxas de asociacionismo raquícticas e un Terceiro Sector minúsculo respecto ao doutras comunidades autónomas.

6. **Psicoloxía do fracaso.** Dicíamos antes que boa parte das elites sociais en Galicia eran rendistas. Ocuparon ao unísono os cargos políticos e o dominio económico da terra, baseado na extracción de excedentes que logo apenas eran reinvestidos en actividades productivas. Máis ben destinábanse a consumos suntuarios, á pura

representación do luxo e do prestixio. Esta detracción serviu de freo a calquera forma de modernización na base productiva do país. E non só iso, contribuíu a espallar na poboación unha especie de desesperanza en calquera novo proxecto, sexa empresarial ou vital. A evidencia empírica era categórica: a maior parte das iniciativas sociais, económicas, culturais ou calquera outra caste de reformas desembocaban no fracaso e volta ao punto de partida. Na presentación do meu libro “Liquidación de Existencias”⁵ dicía, e cito literalmente:

“Defende o libro algunha tese?. Si hai unha mensaxe implícita no libro. Canto menos hai unha intuición a respecto da cultura galega tradicional en tanto que cultura rexida polo medo, polo freo e a contracción dos desexos da persoa. Non sei se a presenza abusiva do imaxinario da culpa a través dunha igrexa que dominaba os máis pequenos recantos dun país cheo deles (tantos núcleos de poboación coma o resto de España), non sei se o minucioso control social das redes políticas clientelares, non sei se a intensa pegada da represión franquista, non sei se, quizás, o atraso económico e o fracaso de tantos e tantos proxectos empresariais chegaron a enxendrar esta psicoloxía medorenta, da prevención, á defensiva, de infinitas precaucións fronte á aventura persoal. (De facto eu penso que en Galicia o acto máis revolucionario é renunciar a unha praza de funcionario). O que eu me limito a constatar é que aquí a cultura dixo e aínda di “detente, estás tolo, onde se viu, ti anda xogando...”, en vez de “adiante, ánimo, ti aposta, nós axudámoste...”. Unha cosmovisión na que se prefire a minimización dos males fronte á potenciación dos bens. E como se conclúe no libro: “evitar a infelicidade non é o mesmo que ser feliz”. Menos por menos non é máis. Unha cultura, a do medo, leva á analxesia como forma suprema de benestar; a outra, a da vontade, conduce á felicidade.”

Polo tanto, e do meu punto de vista, en Galicia estaríase a dar un certo ton social declinante, unha atmosfera de parálise e derrota, unha psicoloxía do medo combinada coa pasividade dun país avellentado e confuso.

7. Posmodernidade: a liquidación dos costumes. Non vou despregar aquí unha análise polo miúdo do que está a representar na escena mundial a mudanza do capitalismo industrial cara un modelo postindustrial. Moitos de vostedes poderían inventar mellor do que eu. Tan só vou recoller tres ou catro apuntes que sirvan ao propósito da charla.

De todos é sabido que a globalización financeira conlevou a perda relativa de poder dos Estados para regular a súa actividade económica e os seus mercados interiores. A disolución das fronteiras trouxo emparellados alomenos dous efectos: a deslocalización empresarial e a diminución da importancia do consumo interno, e entón dos axentes sociais que o representaban (os sindicatos). A pinza entre ambos fenómenos trasládanos a un escenario de desregulación laboral que está a afectar profundamente ás nosas vidas, fundamentalmente en termos de maior

⁵ “Liquidación de Existencias”, Marcos Lorenzo. Difusora de Letras, Artes e Ideas (2005).

precariedade e maior mobilidade xeográfica, o que dificulta sobremaneira o trazo de plans de vida estables. Dito doutro modo, a cada paso somos máis prescindibles como traballadores e como consumidores. A formación constante é unha imposición do ecosistema, e estamos sometidos aos caprichos e vaivéns do mercado. Por suposto, este escenario ten graves repercusións na estrutura social da poboación, non só en termos de maior polarización por rendas (e por tanto de descenso das clases medias) senón tamén en canto ao mantemento dunhas redes sociais permanentes que actúen como colchón de vida e seguridade persoal, sexa a través das relacións de parella, de amizade ou de parentesco.

Esta transformación do mercado laboral correu paralela á multiplicación de novas canles de información e publicidade, transmisoras ambas de ideoloxía. O folclore postmoderno está en mans de industrias culturais que como Hollywood, non son alleas aos grandes intereses económicos. Como fábricas de produción de valores, as industrias culturais e da información difunden unha visión do home e da muller contemporáneos onde se exalta, en consonancia co maio do 68, a liberdade individual e a acumulación de pracer como horizonte vital. A representación machacona de persoas extasiadas, perfectamente orientadas ao gozo inmediato, é unha poderosa maquinaria de modificación das condutas a través da imposición de obxectivos de vida.

Se o mercado laboral funciona coma unha vareada nas canelas, o aparello da publicidade sería a cenoria inalcanzable da plenitude. Entre ambos están a modificar dun xeito uniformemente acelerado os perfís coñecidos do home actual, ata conformar un novo mapa de psicoloxías e estratexias do benestar. Un novo mapa onde a antiga prevalencia de estruturas e institucións estables (a familia, a comunidade, a relixión ou a ideoloxía) é subordinada en favor da emerxencia do individual e do inmediato, do imperio da innovación. Así, as vellas continuidades vitais cederon paso ante experiencias máis fugaces e fragmentarias. O que nos está a levar a certas formas de neurose e desestructuración das personalidades. Personalidades elásticas, cun índice de viscosidade moi baixo, personalidades dúctiles e descentradas. Todo é agora provisional e mutante.

Algúns intentos hai de resocializar a vida do home, de reterritorializar a súa existencia, sexa a través de internet ou de estratexias políticas como a democracia participativa. Sen embargo, a tendencia dominante é esta, e lembremos, en Galicia superponse ao tránsito descrito anteriormente entre a cultura tradicional e unha modernidade xa caduca. En fin, demasiadas emocións para tan pouco tempo.

8. **Para rematar.** Se en 40 anos asistimos ao proceso de demolición do mundo antigo, a unha especie de liquidación das realidades preexistentes, agora estamos instalados na liquidación como mecanismo, como forma de vida. Por iso o termo liquidación cumpre para nós un dobre papel metafórico, por iso o escollín tanto para o meu libro de aforismos como para dar conta dos dous saltos no vacío que experimentou o país neste exiguo período da súa historia.

E conclúo recorrendo de novo ao texto de presentación do libro Liquidación de Existencias:

“Por que se pode dar un libro coma este?. Porque nós mesmos somos diversos, porque en nós convive unha visión precapitalista cunha outra visión actualísima e postmoderna. E isto pode darse aquí porque somos fillos dun profundo cambio cultural, porque habitamos no cambio, no nomadismo da cultura. Non é só que o mundo moderno perda territorialidade, que as relacións humanas deveñan cada vez máis fráxiles e ocasionais, que a mobilidade laboral ou o hedonismo dos individuos estean a erosionar os vínculos de proximidade. É que ese mesmo proceso global está a suceder aquí multiplicado por si mesmo, froito do vertixinoso salto que experimentou o país nunha soa xeración, salto que derivou nunha profunda desestructuración social, sen solución de continuidade. Por iso os vellos nas cidades están sós e desorientados. Por iso aquí non se instaurou aínda unha auténtica cultura democrática. Nós somos a xeración da transición, quen teremos que remodelar o país.

Esta situación, a que se deriva deste tránsito de civilizacións, do surfear entre mundos dispares, lévanos á neurose por falta de referentes fortes, pero tamén a unha comprensión máis sagaz e afinada da riqueza e da fragilidade do mundo. En definitiva, lévanos a constatar que a existencia, alomenos aquí e agora, presenta un carácter fluído.”

E digo eu agora (xa fóra da cita), que se o que hai é basicamente fluído, entón haberá que finiquitar a vella expresión “Galicia, A Nosa Terra”, e substituíla por outras fórmulas máis actualizadas do tipo “Galicia, O Noso Lume”, “Galicia, O Noso Ar” ou “Galicia, A Nosa Auga”.

Marcos Lorenzo